

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

20890 *Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade.*

Coa creación do Consello Nacional da Discapacidade en 2004 deuse un pulo decisivo ao principio de diálogo civil establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en virtude do cal as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participan na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.

O Real decreto 1865/2004, do 6 de setembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade, foi modificado polo Real decreto 1468/2007, do 2 de novembro, unha vez posta de manifesto a necesidade de introducir algunhas modificacións en aspectos de atribución de novas competencias e de funcionamento, co fin de garantir as súas funcións e o desenvolvemento das súas sesións, tanto en pleno como en comisión, axilizando o seu funcionamento interno.

Como consecuencia da reestruturación dos departamentos ministeriais derivada do Real decreto 542/2009, do 7 de abril, que creou o Ministerio de Sanidade e Política Social, asignándolle a proposta e execución da política do Goberno en materia de cohesión e inclusión social, de familias, de protección do menor e de atención ás persoas en situación de dependencia ou con discapacidade, cómpre adecuar a regulación do Consello Nacional da Discapacidade á nova estrutura dos departamentos da Administración xeral do Estado e, en particular, á dos órganos superiores e directivos do Ministerio de Sanidade e Política Social, conforme o previsto no artigo 14 do Real decreto 640/2009, do 17 de abril, polo que se desenvolve o Real decreto 542/2009, do 7 de abril, e se modifica o Real decreto 438/2008, do 14 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

Por outra parte, ademais das funcións que a Oficina Permanente Especializada ten atribuídas nos ámbitos regulados na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, atribuíronse novas funcións a esta, como órgano do Consello Nacional da Discapacidade, en virtude da Lei 49/2007, do 26 de decembro, de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e do Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

Tendo en conta a incidencia das diversas normas mencionadas na regulación do Consello Nacional da Discapacidade, ás que habería que engadir a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, considerouse necesaria e oportuna a elaboración deste novo real decreto, para aclarar e sistematizar a regulación do dito Consello.

O Consello Nacional da Discapacidade emitiu informe favorable sobre esta norma.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza e fins.*

1. O Consello Nacional da Discapacidade é o órgano colexiado interministerial, de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Sanidade e Política Social, no cal se institucionaliza a colaboración do movemento asociativo das persoas con discapacidade e das súas familias e a Administración xeral do Estado, para a definición e coordinación dunha política coherente de atención integral.

2. En particular, corresponde ao Consello Nacional da Discapacidade a promoción da igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Artigo 2. *Funcións.*

1. Para o cumprimento dos fins sinalados, o Consello Nacional da Discapacidade desenvolverá as seguintes funcións:

a) Promover os principios e liñas básicas de política integral para as persoas con discapacidade no ámbito da Administración xeral do Estado, incorporando o principio de transversalidade.

b) Presentar iniciativas e formular recomendacións en relación con plans ou programas de actuación.

c) Coñecer e, se é o caso, presentar iniciativas en relación aos fondos para programas de persoas con discapacidade e os criterios de distribución.

d) Emitir ditames e informes, de carácter preceptivo e non vinculante, sobre aqueles proxectos normativos e outras iniciativas relacionadas co obxecto do Consello que se sometan á súa consideración e, en especial, no desenvolvemento da normativa de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

e) Promover o desenvolvemento de accións de recompilación, análise, elaboración e difusión de información.

f) Impulsar actividades de investigación, formación, innovación, ética e calidade no ámbito da discapacidade.

g) Coñecer as políticas, fondos e programas da Unión Europea e doutras instancias internacionais e recibir información, se é o caso, sobre as posicións e propostas españolas nos foros internacionais.

h) Constituír o órgano de referencia da Administración xeral do Estado para a promoción, protección e seguimento en España dos instrumentos xurídicos internacionais en materia de dereitos humanos das persoas con discapacidade incorporados ao noso ordenamento xurídico e, en especial, da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da Organización de Nacións Unidas, ratificada por España, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008.

i) Calquera outra función que, no marco das súas competencias, lle sexa atribuída por algunha disposición legal ou regulamentaria.

2. De conformidade co establecido no artigo 41 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o Consello Nacional da Discapacidade é o órgano consultivo de participación institucional do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e exerce as funcións de informar, asesorar e formular propostas sobre materias que resulten de especial interese para o funcionamento do sistema.

3. Todas as funcións enumeradas anteriormente se atribúen sen menoscabo das que correspondan a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

Artigo 3. *Composición.*

O Consello Nacional da Discapacidade está constituído pola presidencia, tres vicepresidencias, trinta e dúas vogalías, catro persoas asesoras expertas e a secretaría.

Artigo 4. *Presidencia.*

1. Exercerá a presidencia do Consello a persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social.

2. Corresponde á presidencia:

- a) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.
- b) Desempeñar a representación e exercer as accións que correspondan ao Consello Nacional da Discapacidade.
- c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e a fixación da orde do día das sesións, tendo en conta as propostas e peticións dos seus membros.
- d) Presidir as sesións do Pleno e moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- e) Velar polo cumprimento da normativa vixente.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello Nacional da Discapacidade.
- g) Cantas outras sexan inherentes ao exercicio da presidencia.

Artigo 5. *Vicepresidencias.*

1. Exercerá a vicepresidencia primeira a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, quen substituirá a persoa titular da presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

2. Exercerá a vicepresidencia segunda a persoa titular da Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade, quen substituirá a persoa titular da presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, en defecto da persoa titular da vicepresidencia primeira.

3. Exercerá a vicepresidencia terceira unha persoa representante do sector asociativo das persoas con discapacidade e das súas familias, elixida por e entre as persoas titulares das vogalías das organizacións representadas no Consello, as cales, igualmente, elixirán unha persoa suplente para os casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

4. As persoas titulares das vicepresidencias primeira e segunda, ademais das funcións sinaladas nos puntos anteriores, desempeñarán aquelas que lles sexan delegadas pola persoa titular da presidencia e cantas sexan inherentes á súa condición.

5. A persoa titular da vicepresidencia segunda será substituída por unha persoa suplente, nomeada pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, con rango de titular dunha dirección xeral do dito ministerio, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 6. *Vogais e persoas asesoras expertas.*

1. Serán vogais do Consello, garantindo a participación equilibrada por razón de xénero:

a) Dezaseis vogais en representación da Administración xeral do Estado, en función das súas competencias en materias relacionadas directa ou indirectamente coas persoas con discapacidade e as súas familias, conforme a seguinte distribución:

1.º Polo Ministerio de Sanidade e Política Social, as persoas titulares dos seguintes órganos:

Dirección Xeral de Consumo, Dirección Xeral do Instituto de Miores e Servizos Sociais, Dirección Técnica do Real Padroado sobre Discapacidade e Dirección Xeral de Política Social, das Familias e da Infancia.

2.º Por outros departamentos, unha persoa representante, con rango de titular dunha dirección xeral, dos seguintes ministerios:

De Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Xustiza, de Defensa, de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Educación, de Industria, Turismo e Comercio, da Presidencia, de Traballo e Inmigración, de Vivenda e de Igualdade.

b) Dezaseis vogais representantes das asociacións de utilidade pública máis representativas de ámbito estatal que agrupen as organizacións máis representativas dos diferentes tipos de discapacidade.

2. No desenvolvemento do seu cargo, os titulares das vogalías están facultados para:

- a) Participar nos debates, efectuar propostas e elevar recomendacións.
- b) Participar na elaboración dos informes e dos ditames nos termos que, en cada caso, o Pleno acorde.
- c) Exercer o seu dereito a voto, e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular peticións e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogais.

3. En ningún caso os titulares das vogalías se poderán atribuír a representación ou facultades do Consello, salvo que expresamente lles fose outorgada por acordo do órgano colexiado e para casos concretos.

4. Para cada unha das vogalías do Consello, por proposta dos respectivos departamentos ministeriais ou das asociacións máis representativas das persoas con discapacidade, a persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social designará unha persoa suplente, para que substitúa a persoa titular en caso de ausencia, vacante ou enfermidade. A duración das substitucións quedará limitada ao tempo de mandato que lle reste á persoa titular da vogalía substituída.

5. O Consello contará, así mesmo, con catro persoas asesoras expertas designadas pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, de entre persoas de recoñecido prestixio e traxectoria en materias relacionadas coas persoas con discapacidade e as súas familias. As persoas asesoras expertas participarán, con voz e sen voto, nas sesións dos órganos do Consello, prestando o seu coñecemento experto.

6. O nomeamento das persoas titulares das vogalías do Consello Nacional da Discapacidade rexeráse polo seguinte procedemento:

a) As persoas titulares das vogalías en representación da Administración xeral do Estado serán nomeadas pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, por proposta dos respectivos departamentos.

b) As persoas titulares das vogalías representantes das asociacións de utilidade pública máis representativas de ámbito estatal que agrupen as organizacións máis representativas dos diferentes tipos de discapacidade serán nomeadas pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, por proposta dos órganos de goberno das ditas asociacións.

Artigo 7. *Secretaría.*

1. Exercerá a secretaría, con voz pero sen voto, a persoa responsable da unidade correspondente da Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade que teña atribuídas as competencias específicas en materia de

discapacidade, que poderá ser asistida polo persoal de apoio necesario para o desempeño dos seus cometidos. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da secretaría do Consello será substituída por unha persoa funcionaria, con rango de titular dunha subdirección xeral, adscrita á mesma dirección xeral e nomeada pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social.

2. Corresponde á persoa titular da secretaría:

- a) Asistir ás reunións dos órganos do Consello.
- b) Convocar as sesións, xuntando a orde do día, cunha antelación mínima de 48 horas, por orde da persoa titular da presidencia, así como enviar as citacións ás persoas membros do Consello. En todo caso, a información sobre os temas que figuren na orde do día estará na secretaría do Consello á disposición dos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación de membros do Consello cos seus órganos e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de titular da secretaría.

Artigo 8. *Funcionamento.*

1. O Consello Nacional da Discapacidade funcionará en Pleno, en Comisión Permanente e, se é o caso, respecto das funcións que ten encomendadas en materia de discapacidade, a través da Oficina Permanente Especializada. A sede do Consello Nacional da Discapacidade será a do Ministerio de Sanidade e Política Social, que deberá ser necesariamente accesible para as persoas con discapacidade.

2. O Consello Nacional da Discapacidade poderá constituír comisións ou grupos de traballo para o mellor desempeño dos seus fins, aos cales poderán ser invitadas, por proposta da persoa titular da vicepresidencia primeira do Consello, persoas expertas seleccionadas por razón da materia que se vaia tratar en cada reunión, sen prexuízo das catro persoas asesoras expertas a que se refire o artigo 3.

3. As convocatorias, notificacións e comunicacións, así como a documentación de soporte que emanen do Consello e dos seus órganos, deberanse realizar, en todo caso, con formato accesible para as persoas con discapacidade. De igual modo, nas sesións que realicen o Consello e os seus órganos deberá garantirse a accesibilidade da comunicación.

4. O Consello disporá dunha sede electrónica, accesible para persoas con discapacidade, conforme os criterios de accesibilidade xeralmente admitidos, na cal se informará das súas funcións, actividades e servizos, así como, en xeral, sobre igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade.

Artigo 9. *Pleno.*

1. Serán funcións do Pleno:

- a) Establecer as liñas xerais de actuación do Consello.
- b) Atender as consultas que lle sexan formuladas polos departamentos ministeriais ou outras entidades, en materias relacionadas coas persoas con discapacidade e as súas familias, e emitir os correspondentes ditames.
- c) Solicitar a información necesaria sobre os asuntos obxecto da competencia do Consello, de acordo co establecido no artigo 2.
- d) Establecer comisións e grupos de traballo para a elaboración de estudos, informes, propostas e desenvolvemento de actividades sobre asuntos da súa competencia.
- e) Aprobar as propostas de resolución que, elaboradas pola Comisión Permanente e a Oficina Permanente Especializada, lle sexan presentadas.

f) Informar sobre o grao de cumprimento das obrigas en materia de accesibilidade reguladas no Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, con base no informe anual ou nas medidas ou decisións propostas pola Oficina Permanente Especializada ao Pleno, para ser considerado polo departamento ministerial responsable.

g) Aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello.

h) Aprobar a memoria anual do Consello.

2. O Pleno do Consello Nacional da Discapacidade celebrará, polo menos, dúas sesións ordinarias ao ano, e poderá reunirse en sesións extraordinarias sempre que o convoque a persoa titular da presidencia por propia iniciativa ou a petición dun terzo dos seus membros.

Artigo 10. *Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente é o órgano executivo do Consello, sen prexuízo do establecido neste real decreto para a Oficina Permanente Especializada, e estará constituída por unha presidencia, unha vicepresidencia, dezaseis vogalías, dúas persoas asesoras expertas e unha secretaría.

2. Exercerá a presidencia da Comisión Permanente a persoa titular da vicepresidencia primeira do Consello e exercerá a vicepresidencia da Comisión Permanente a persoa titular da vicepresidencia segunda do Consello, quen substituirá a persoa titular da presidencia da Comisión en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

3. Exercerán as vogalías da Comisión Permanente:

a) Oito das persoas que no Pleno participan en representación da Administración xeral do Estado polos ministerios seguintes: Xustiza, Economía e Facenda, Fomento, Educación, Presidencia, Traballo e Inmigración, Vivenda e Igualdade.

b) Oito das organizacións de persoas con discapacidade e as súas familias representadas de entre as que forman parte do Pleno do Consello, nomeadas polo procedemento previsto no artigo 6.6.b) para designar as persoas representantes das persoas con discapacidade e as súas familias no Pleno.

4. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, será suplente da persoa titular da vicepresidencia da Comisión a mesma persoa que reúna a condición de suplente da persoa titular da vicepresidencia segunda do Pleno do Consello.

Serán suplentes das persoas titulares das vogalías da Comisión Permanente, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as mesmas persoas que reúnan a condición de suplentes das persoas titulares das vogalías no Pleno, correspondentes aos ministerios e ás organizacións de persoas con discapacidade e ás súas familias regulados nas letras a) e b) do número 3 deste artigo.

5. As persoas asesoras expertas serán designadas pola Presidencia do propio Consello de entre as catro de que o órgano disporá en xeral, de acordo co artigo 6.5.

6. Exercerá a secretaría, con voz pero sen voto, quen a exerza no Pleno do Consello, e poderá ser substituído polas mesmas persoas que reúnan as condicións de suplentes da persoa titular da secretaría no Pleno, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

7. A Comisión Permanente desempeñará os seguintes cometidos:

a) Elaborar os traballos preparatorios para facilitar o desenvolvemento das funcións do Pleno a que se refire o artigo 9 deste real decreto, así como cantas outras lle encomende.

b) Efectuar o seguimento e avaliación das tarefas asignadas aos grupos de traballo.

c) Analizar os puntos da orde do día das reunións ordinarias do Pleno do Consello.

d) Recibir anualmente o informe sobre os feitos que a Oficina Permanente Especializada lle elevará para o seu coñecemento na reunión que proceda. A Comisión

Permanente, pois, poderá adoptar os acordos pertinentes para dirixir recomendacións de actuación co fin de previr ou lograr o cesamento da acción ou omisión considerada como discriminatoria ou atentatoria contra a igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

e) Velar polo cumprimento das medidas ou decisións propostas ao Pleno pola Oficina Permanente Especializada e aprobadas por este.

8. A Comisión Permanente celebrará, polo menos, dúas sesións ordinarias ao ano, e poderá reunirse en sesión extraordinaria sempre que a convoque a persoa titular da presidencia por propia iniciativa ou por petición dun terzo dos seus membros.

Artigo 11. *Oficina Permanente Especializada.*

1. A Oficina Permanente Especializada é o órgano do Consello, de carácter permanente e especializado, encargado de promover a igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. Coa Oficina Permanente Especializada colaborarán as asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.

Artigo 12. *Estrutura e medios da Oficina Permanente Especializada.*

1. A Oficina Permanente Especializada organízase baixo a superior supervisión do Consello Nacional da Discapacidade.

2. A Oficina Permanente Especializada depende organicamente da Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade.

3. Á fronte da Oficina Permanente Especializada existe unha dirección executiva cuxo titular será un funcionario de carreira pertencente a un corpo ou escala clasificado no subgrupo A1 do artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que será nomeado mediante convocatoria pública polo procedemento de libre designación, atendendo a criterios de idoneidade, entre os cales se incluírá ter experiencia en materias relacionadas coa discapacidade.

Artigo 13. *Funcións da Oficina Permanente Especializada.*

Corresponden á Oficina as seguintes funcións:

a) Prestar asesoramento con carácter facultativo e non vinculante.
b) Estudar e analizar as consultas, queixas ou denuncias en materia de discriminación por razón da discapacidade, sen prexuízo das atribucións dos organismos e autoridades que sexan competentes.

c) Propoñer ao Pleno, para a súa consideración, medidas ou decisións que preveñan estrutural ou conxunturalmente situacións de discriminación por razón de discapacidade nos ámbitos establecidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro.

d) Efectuar o seguimento das medidas propostas que preveñan situacións de discriminación.

e) Elaborar, con carácter anual, para a súa elevación ao Pleno do Consello, un informe sobre a situación da igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e as súas familias.

f) Elaborar, con carácter anual, para o seu traslado ao Pleno do Consello, un informe sobre o grao de cumprimento das obrigas en materia de accesibilidade contidas no Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, para ser tido en conta polo departamento ministerial responsable.

g) Elaborar, con carácter anual, para o seu traslado á Comisión Permanente do Consello, un informe sobre os feitos recollidos nos expedientes informativos abertos e tramitados pola Oficina como consecuencia de calquera petición das persoas con

discapacidade, das persoas xurídicas habilitadas ou das organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias.

h) Con carácter previo á instrución do expediente de infraccións e sancións regulado na Lei 49/2007, do 26 de decembro, de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e conforme o establecido no artigo 24 da citada lei, emitirá o informe que lle sexa solicitado polos órganos competentes para a instrución do expediente, sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas.

i) Colaborar cos órganos xudiciais e administrativos nos asuntos que estes lle requiran.

j) Aqueloutras que poden atribuírselle en virtude de disposicións normativas con rango legal ou regulamentario.

Artigo 14. *Ámbito de actuación da Oficina Permanente Especializada.*

1. A Oficina Permanente Especializada prestará asesoramento a toda persoa que manifeste ter sido obxecto de discriminación ou considere vulnerado o seu dereito á igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal por razón de discapacidade no ámbito recollido na Lei 51/2003, do 2 de decembro.

2. O asesoramento facilitarase tamén ás persoas xurídicas habilitadas para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos colectivos a que fai referencia o artigo 19 da citada Lei 51/2003, do 2 de decembro.

3. A Oficina Permanente Especializada prestará asesoramento ás organizacións representativas das persoas con discapacidade e ás súas familias sobre a forma de facer valer os dereitos individuais e colectivos relativos á igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

4. A Oficina Permanente Especializada prestará asesoramento ás persoas físicas ou xurídicas responsables do cumprimento das obrigacións recollidas na mencionada Lei 51/2003, do 2 de decembro.

Artigo 15. *Funcionamento da Oficina Permanente Especializada.*

1. Ante calquera petición da persoa con discapacidade, as persoas xurídicas habilitadas ou as organizacións representativas das persoas con discapacidade, abrirase o correspondente expediente informativo, para o cal a Dirección Executiva da Oficina Permanente Especializada solicitará as informacións oportunas para comprobar cantos datos sexan necesarios, e proceder ao estudo dos expedientes e a documentación precisa, conforme o disposto nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Con carácter anual, concluídos os expedientes informativos, a Dirección Executiva remitirá á Comisión Permanente do Consello Nacional da Discapacidade un informe sobre os feitos a que se fai referencia no artigo 10.7.d).

3. Pola súa vez, a Oficina Permanente Especializada promoverá a oportuna investigación para o esclarecemento das circunstancias derivadas dunha queixa ou denuncia que puidese ser obxecto de infracción e sanción, ante calquera petición das persoas con discapacidade, das persoas xurídicas habilitadas ou das organizacións representativas das persoas con discapacidade, para realizar o correspondente informe.

4. As dependencias onde teña a súa sede a Oficina Permanente Especializada deberán ser necesariamente accesibles para todas as persoas con discapacidade.

5. Os procedementos, actuacións, notificacións e comunicacións, así como a documentación de soporte e a información, incluída a informática, audiovisual e virtual que emane da Oficina Permanente Especializada realizarase en formato ou medio accesible para as persoas con discapacidade.

Artigo 16. *Duración do mandato.*

1. O mandato das persoas titulares das vogalías e das persoas asesoras expertas do Consello Nacional da Discapacidade terá unha duración de catro anos.

2. Transcorrido o período de duración do mandato, procederase á disolución do Consello e á súa renovación. Non obstante, o Consello saínte permanecerá en funcións ata o nomeamento das novas persoas titulares das vogalías.

Artigo 17. *Renovación do Consello.*

A renovación das vogalías e das persoas asesoras expertas realizarase polo procedemento indicado no artigo 6.

Artigo 18. *Cesamento de membros do Consello.*

1. As persoas titulares das vogalías e as persoas asesoras expertas do Consello cesarán por calquera das seguintes causas:

- a) Renuncia.
- b) Deixar de concorrer os requisitos que determinaron su designación.
- c) Ter cesado como membro da federación, confederación, asociación ou institución a que representa.
- d) Por incumprimento grave das súas obrigas, por proposta do Pleno do Consello, aprobada por maioría cualificada de dous terzos.

2. A competencia para o cesamento de membros corresponde á persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social.

3. Producida unha vacante, procederase á súa cobertura mediante nomeamento da persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, por proposta daqueles a quen corresponda efectuala de conformidade co regulado neste real decreto.

4. Ata que se cubra a vacante, a persoa titular da vogalía cesante será substituída polo seu suplente.

Artigo 19. *Compensación económica por asistencia a reunións.*

As persoas membros representantes das organizacións de persoas con discapacidade e das súas familias e as persoas asesoras expertas do Consello, as súas comisións ou grupos de traballo, cuxa residencia habitual estea situada en localidade distinta a aquela en que teña lugar a reunión, recibirán unha compensación económica igual á establecida para os funcionarios públicos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, para satisfacer os gastos orixinados polo desprazamento, o aloxamento e a manutención, nas contías establecidas para o grupo 1.

Esta mesma compensación aboaráselles ás persoas asistentes persoais das persoas membros e asesoras expertas do Consello, das súas comisións e dos grupos de traballo a que se refire o parágrafo anterior, cando, por razón de concorrer nelas unha discapacidade, sexa necesario o seu apoio para poder asistir ás reunións.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas no regulamento de funcionamento interno aprobado polo Pleno, o Consello Nacional da Discapacidade axustarase ás normas de organización e funcionamento establecidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional segunda. *Medios persoais e materiais.*

1. Aproveisión de medios persoais e materiais necesarios para o correcto funcionamento do Consello Nacional da Discapacidade será con cargo ás dotacións orzamentarias do

Ministerio de Sanidade e Política Social, sen que isto supoña ampliación de cadro de persoal ou de créditos orzamentarios.

2. Para o desempeño das funcións encomendadas a Oficina poderá contar co apoio de persoal adscrito á Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade e dos créditos orzamentarios asignados a ela.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 1865/2004, do 6 de setembro, polo que se regula o Consello Nacional, e a Orde TAS/736/2005, do 17 de marzo, pola que se regula a estrutura e o funcionamento da Oficina Permanente Especializada do Consello Nacional da Discapacidade.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Política Social,
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA